

Proposta de resolución con RESOLUCIÓN sobre a aprobación dos criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, da Estratexia de Desenvolvemento Local do grupo de desenvolvemento rural de Galicia GDR 05 Asociación Miño Ulla

I. ANTECEDENTES

1. O Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (en adiante, a Axencia), na súa xuntanza do 20 de abril de 2022, acordou aprobar as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño de futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de procedemento MR701F). Dito acordo publicouse mediante Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG nº 105, do 2 de xuño).

De conformidade co artigo 18 das indicadas bases reguladoras, mediante a Resolución do 19 de setembro de 2022, a directora xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección desta, seleccionou 24 organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027.

2. A Resolución da directora xeral da Axencia do 27 de abril de 2023, estableceu as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas (DOG nº 89, do 10 de maio).

Instruído o procedemento, a directora xeral da Axencia, mediante Resolución do 7 de decembro de 2023, seleccionou e aprobou as estratexias de desenvolvemento local, así como as entidades colaboradoras na intervención Leader de Galicia para o período 2023-2027. A dita Resolución foi rectificada pola Resolución do 20 de maio de 2024.

A selección quedou condicionada a que todas as asociacións adecúen os procedementos de selección de proxectos ao disposto nos artigos 16 a 21 da Resolución do 27 de abril de 2023.

AXENCIA GALEGA DE DESENVOLVEMENTO RURAL
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Lugar da Barcia 56, Laraño
15897 Santiago de Compostela
T. + 34 981 547 354
infoagader@xunta.gal
agader.xunta.gal





3. A xunta directiva do grupo de desenvolvemento rural 05 Asociación Miño Ulla aprobou os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das súas Estratexias de Desenvolvemento Local.
4. O GDR 05 Asociación Miño Ulla remitiu á Axencia os citados criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, para a súa a aprobación, segundo o cadro achegado:

Data aprobación xunta directiva	Data remisión Agader, nº rexistro	
03/07/2023	10/07/2023	2023/2021722
	03/03/2025	2025/597929

II. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Normativa xeral e específica de aplicación

1. Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG n.º 251, do 29 de decembro), pola que se creou a Axencia como un ente de dereito público, e Decreto 79/2001, do 6 de abril, polo que se aprobou o Regulamento da Axencia (DOG n.º 77, do 20 de abril).
2. Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, que contempla a natureza da Axencia como unha axencia pública autonómica das previstas no artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia (DOG n.º 94, do 21 de maio).
3. Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a partir de agora LPACAP (BOE n.º 236, do 02 de outubro).
4. Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG n.º 121, do 25 de xuño).
5. Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a partir de agora RLSG (DOG n.º 20, do 29 de xaneiro).
6. Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (DOG n.º 135, do 12 de xullo).
7. Acordo do 20 de abril de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, para a concesión de axudas orientadas á adquisición de capacidades e para accións preparatorias en apoio do deseño das futuras estratexias de desenvolvemento local participativo para o período de programación 2023-2027, cofinanciadas polo fondo Feader, e para a aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como a correspondente convocatoria, para as anualidades 2022 e 2023 (código de procedemento MR701F). O citado acordo publicouse mediante a Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG n.º 105, do 2 de xuño).





8. Resolución da directora xeral da Axencia do 27 de abril de 2023 pola que se estableceron as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas (DOG n.º 89, do 10 de maio).
9. Resolución do 7 de decembro de 2023 da persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, ditada por delegación do Consello de Dirección, de selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, así como de distribución de fondos entre as estratexias de desenvolvemento local.
10. Resolución do 20 de maio de 2024 pola que se rectifican os erros materiais da Resolución do 7 de decembro de 2023 da persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, ditada por delegación do Consello de Dirección, de selección de estratexias de desenvolvemento local e de entidades colaboradoras, así como de distribución de fondos entre as estratexias de desenvolvemento local.

2.Competencia

A competencia para a instrución do procedemento para a selección e aprobación de estratexias de desenvolvemento local, así como para a selección de entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, é da Subdirección de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural, segundo o artigo 15 das bases reguladoras aprobadas o 20 de abril de 2022 polo Consello de Dirección da Axencia para a selección de organizacións candidatas a converterse en entidades colaboradoras na medida Leader de Galicia para o período 2023-2027, publicadas mediante a Resolución do 18 de maio de 2022 (DOG n.º 105, do 2 de xuño).

Segundo o artigo 20.7 das citadas bases reguladoras, a persoa titular da Dirección Xeral da Axencia, por delegación do Consello de Dirección desta, é a competente para a aprobación das estratexias de desenvolvemento local, das que forman parte os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, aplicables na execución das citadas estratexias.

3.Valoración da documentación presentada polo GDR.

Tras a instrución do procedemento conséntase que:

-A entidade colaboradora GDR 05 Asociación Miño Ulla na intervención Leader de Galicia para o período 2023-2027 seleccionada pola Resolución do 7 de decembro de 2023, rectificada pola Resolución do 20 de maio de 2024, presentou ante a Axencia as normas para a xestión das estratexias de desenvolvemento local, en particular, o Plan de xestión e os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das estratexias de desenvolvemento local.

-Que as normas referidas á estratexia do GDR 05 Asociación Miño Ulla conteñen, ben na súa primeira versión, ben na modificada revisada tecnicamente pola Axencia, os límites de axuda pública máxima, os criterios de selección e priorización dos proxectos (baremo, regras para a asignación das porcentaxes de axuda pública e procedemento de priorización e selección dos proxectos que contén coa verificación favorable do informe de control de elixibilidade por parte da Axencia), así como as limitacións sectoriais e fan referencia aos mecanismos que garanten os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrência, aos procesos de





toma de decisións e aos procedementos de contratación, e o procedemento para evitar conflitos de intereses nos membros dos órganos de avaliación e decisión do GDR.

-Que as ditas normas foron aprobadas polo órgano competente do GDR.

En definitiva, o GDR seleccionado adecuou os procedementos de selección de proxectos ao disposto nos artigos 16 a 21 da Resolución do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, en particular, ás regras de puntuación e procedemento de selección dos investimentos subvencionables para operacións en apoio de terceiras persoas.

Tendo en conta os antecedentes e consideracións sinaladas,

PROPOÑO

Que se aprobe o Plan de xestión e os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais, das estratexias de desenvolvemento local do GDR 05 Asociación Miño Ulla que figuran como anexo deste documento.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A subdirectora de Relacións cos Grupos de Desenvolvemento Rural
Francisca María Gago Guillán

Tendo en conta o anterior, RESOLVO:

Aprobar a proposta da Subdirectora de Relacións cos GDR nos seus propios termos.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interperse recurso potestativo de reposición ante o Consello de Dirección da Axencia, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Compostela, no prazo de dous meses contados igualmente desde o día seguinte ao da notificación. Tamén poderá interpoñerse calquera outro recurso que se estime oportuno.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
O Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
(P.D.: art. 20.7 das bases reguladoras do 20.04.2022)
A directora xeral da Axencia
María Paz Rodríguez Rivera





Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo Leader 2023/27

ASOCIACIÓN MIÑO-ULLA GDR05

Praza de Galicia S/N - Edificio de Usos Múltiples
27500 - Chantada (Lugo)

Teléfono: 982 462 197

E-mail: asociaciongdr05@gmail.com



AXENCIA GALEGA
DE DESENVOLVEMENTO
RURAL



GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE POLÍTICA
AGRICOLA, PESQUERÍA Y
DESARROLLO RURAL



Fondo Europeo Agrícola
de Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



Xacobeo 21-22



CONTIDO

J. NORMAS PARA A XESTIÓN DA EDPL 2023-2027	4
J.1. Requisitos de subvencionalidade dos proxectos	4
J.2. Requisitos das persoas beneficiarias	5
J.3. Tipoloxía de operacións subvencionables	6
J.4. Forma da axuda e contías máximas	7
J.5. Tramitación e procedemento de selección e priorización de proxectos	11
J.6. Criterios para a baremación dos proxectos	14
J.6.1. Baremo para proxectos produtivos	14
1. Localización xeográfica do investimento (máximo 30 puntos)	14
1.1. Renda dispoñible bruta por habitante (máximo 5 puntos)	14
1.2. Porcentaxe de paro rexistrado sobre poboación entre 16 e 64 anos (máximo 5 puntos)	15
1.3. Densidade de poboación (máximo 5 puntos)	15
1.4. Taxa de evolución interanual da poboación (máximo 5 puntos)	16
1.5. Taxa de envellecemento da poboación (máximo 5 puntos)	16
1.6. Parroquia ou entidade colectiva de poboación onde se localiza o investimento (máximo 5 puntos)	16
2. Características da persoa promotora do investimento (máximo 10 puntos)	17
3. Incidencia no emprego do investimento (máximo 30 puntos)	17
3.1. Por creación de emprego (máximo 15 puntos)	18
3.2. Por contratación de determinados colectivos (máximo 15 puntos)	18
4. Tipoloxía do investimento e impacto sobre o territorio (máximo 30 puntos)	19
4.1. Tipoloxía do investimento (máximo 20 puntos)	19
4.2. Incidencia medioambiental na zona e capacidade de arrastre do investimento (máximo 5 puntos)	20
4.3. Carácter innovador do investimento (máximo 5 puntos)	20
J.6.2. Baremo para proxectos non produtivos	21
1. Localización xeográfica do investimento (máximo 30 puntos)	22
1.1. Renda dispoñible bruta por habitante (máximo 5 puntos)	23
1.2. Porcentaxe de paro rexistrado sobre poboación entre 16 e 64 anos (máximo 5 puntos)	23
1.3. Densidade de poboación (máximo 5 puntos)	24
1.4. Taxa de evolución interanual da poboación (máximo 5 puntos)	24
1.5. Taxa de envellecemento da poboación (máximo 5 puntos)	24
1.6. Parroquia ou entidade colectiva de poboación onde se localiza o investimento (máximo 5 puntos)	25
2. Características da persoa promotora e ámbito de actuación do investimento (máximo 20 puntos)	25
2.1. Características da persoa promotora do investimento (máximo 10 puntos)	25
2.2. Ámbito de actuación do investimento (máximo 10 puntos)	26
3. Tipoloxía do investimento e impacto sobre o territorio (máximo 50 puntos)	26
3.1. Poboación beneficiada co investimento e incidencia sobre a mellora da súa calidade de vida (máximo 20 puntos)	26
3.2. Carácter innovador e creación de emprego (máximo 10 puntos)	27
3.3. Incidencia medioambiental do investimento (máximo 10 puntos)	27
3.4. Incidencia sobre o patrimonio do investimento (máximo 10 puntos)	27
J.6.3. Anexos dos baremos	28
Anexo I	28



Anexo II	29
Anexo III	30
Anexo IV	31
Anexo V	32
Anexo VI	33
Anexo VII	40
Anexo VIII	40
J.6.4. Táboas baremos	41
Proxectos produtivos	41
Proxectos non produtivos	44
J.6.5. Relación entre criterios de baremación e obxectivos propostos e plan de acción da EDLP	46
Proxectos produtivos	46
1. Localización xeográfica do investimento	46
2. Características da persoa promotora do investimento	46
3. Incidencia no emprego do investimento	47
4. Tipoloxía do investimento e impacto sobre o territorio	47
Proxectos non produtivos	51
1. Localización xeográfica do investimento	51
2. Características da persoa promotora e ámbito de actuación do investimento	51
3. Tipoloxía do investimento e impacto sobre o territorio	52
J.7. Limitacións sectoriais	55
J.7.1. Turismo	55
J.7.2. Enerxías renovables	55
J.7.3. Servizos	55
J.7.4. Comercio polo miúdo	56
J.7.5. Servizos agrarios e/ou forestais	56
J.7.6. Ensino	56
J.7.7. Centros sociais ou culturais	56
J.7.8. Estudos, libros ou guías e páxinas web	65
J.8. Procedemento para evitar conflitos de intereses nos membros dos órganos de avaliación e decisión do GDR	66





J. NORMAS PARA A XESTIÓN DA EDLP 2023-2027

Imos detallar de seguido as normas que rexerán no GDR05 Asociación Miño Ulla para a xestión da EDLP 2023-2027.

O GDR05 seleccionará proxectos que sexan encadrables na súa estratexia, segundo os obxectivos formulados e descritos con anterioridade para a mesma, e sempre de acordo coa normativa aplicable.

O procedemento de selección dos proxectos será non discriminatorio e transparente, garantindo os principios de obxectividade, publicidade, imparcialidade e libre concorrência con especial referencia aos procesos de toma de decisións e aos procedementos de contratación.

J.1. REQUISITOS DE SUBVENCIONALIDADE DOS PROXECTOS

Con carácter xeral para poder optar a subvención os proxectos deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar localizados no ámbito territorial do GDR05.
- Ser viables técnica, económica e financeiramente, para os proxectos de natureza produtiva, e técnica e financeiramente para os proxectos non produtivos.
- Axustarse á normativa sectorial (comunitaria, estatal, autonómica e local) que resulte de aplicación para cada tipo de proxecto e ás bases reguladoras da subvención.
- Non estar iniciados na data de presentación da solicitude de axuda.
- Ser finalistas. Na data da xustificación final dos investimentos ou gastos subvencionados deberán cumprirse os obxectivos e funcións para os cales foron aprobados os proxectos. Non serán subvencionables fases dun proxecto que non constitúan unha actividade finalista.
- Adecuarse á estratexia de desenvolvemento local definida polo GDR05.



J.2. REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Poderán ser beneficiarios das axudas persoas físicas ou xurídicas de carácter privado, entidades públicas de carácter local ou comarcal (concellos, mancomunidades, consorcios e entidades dependentes das anteriores), comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades.

As persoas beneficiarias deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a. Estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non ter débedas pendentes de ningunha natureza coa Comunidade Autónoma de Galicia.
- b. Non estar incurso en ningún dos supostos previstos nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG), e, en particular, non ter sido condenado mediante sentenza firme coa perda da posibilidade de obter subvencións públicas.
- c. Cumprir os requisitos de pequena empresa, nos termos regulados no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014, do 17 de xuño, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado interior, en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea:
 1. Empregar menos de 50 persoas.
 2. Ter un volume de negocio anual ou un balance xeral anual que non supere os 10 millóns de euros.

Para a definición de empresa, así como para o cálculo dos efectivos e importes financeiros desta, tomarase en consideración o disposto no anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014.

De ser o caso, a cualificación de pequena empresa tomará en consideración os datos das empresas asociadas e vinculadas para o cálculo de efectivos e importes financeiros, nos termos previstos no artigo 3 do citado anexo I do Regulamento (UE) nº 651/2014.

Este requisito exceptúase para as entidades públicas locais, así como para as entidades beneficiarias das axudas a proxectos non produtivos.



J.3. TIPOLOXÍA DE OPERACIÓNS SUBVENCIONABLES

Os proxectos que o GDR05 poderá subvencionar clasificaranse como:

- Proxectos produtivos: proxectos que supoñan a realización dunha actividade económica, tendentes á produción de bens ou servizos e que supoñan a creación e/ou mantemento de emprego.
- Proxectos non produtivos: proxectos promovidos por entidades sen ánimo de lucro, entidades públicas locais, comunidades de montes veciñais en man común ou as súas mancomunidades, que non supoñan o inicio ou o desenvolvemento dunha actividade económica.
- No suposto de que o proxecto, que deberá ser igualmente de interese público ou colectivo, comporte unha actividade económica por si mesmo ou de maneira coadxuvante, terá a consideración de non produtivo cando os ingresos que se xeren procedan de taxas no caso de proxectos promovidos por entidades públicas locais. No resto dos casos, tanto para os proxectos promovidos por entidades públicas locais en que os ingresos proceden de prezos públicos como nos casos de proxectos promovidos por outros promotores distintos ás entidades públicas locais, os proxectos poderán ter a consideración de non produtivos cando o beneficio bruto operativo non chegue a superar o resultado ou valor da capitalización do investimento ao xuro legal do diñeiro.



J.4. FORMA DA AXUDA E CONTÍAS MÁXIMAS

As axudas concederanse en forma de subvención de capital non reembolsable e calcularanse sobre os custos subvencionables, tendo en conta a porcentaxe de axuda que resulte da aplicación ao proxecto en función dos criterios de selección establecidos polo GDR05, sempre e cando se cumpran as condicións e requisitos de elixibilidade que sexan aplicables a cada proxecto e que este supere a puntuación mínima ou “nota de corte” establecida.

Exceptúanse do disposto no parágrafo anterior as axudas do Bono Activa Rural, que se configuran como unha subvención que se basea nun importe de axuda a tanto global destinado á creación e posta en marcha de actividades non agrícolas en zonas rurais. Neste caso, a axuda non estará vinculada á xustificación de ningún gasto ou investimento, senón que se vincula ao mantemento da actividade e ao cumprimento do plan empresarial presentado polo promotor durante un determinado período de tempo. As persoas beneficiarias desta tipoloxía de proxectos serán só as persoas físicas, que se dean de alta no réxime de traballadores autónomos e xeren unha actividade empresarial a título individual en que polo menos creen o seu posto de traballo, sempre e cando non estivesen dadas de alta no réxime de autónomos na mesma actividade para a que se solicita a axuda nos últimos tres anos e que opten por esta modalidade de axuda na correspondente solicitude de axuda. Neste caso a axuda será de 18.000,00 € e pagarase en dúas anualidades.

Os límites de axuda pública (cuantitativos e en porcentaxes) fixados polo GDR05 están dentro dos límites marcados na *RESOLUCIÓN do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas* (DOG 89 do 10 de maio de 2023).

Os proxectos presentados serán baremados segundo a súa tipoloxía, produtivo ou non produtivo, aplicando o baremo que se explica a continuación. A puntuación mínima (nota de corte) que haberá de obter un proxecto para ser subvencionado, establécese en 25 puntos tanto para os proxectos produtivos como para os non produtivos e, a puntuación coa que se obterá a axuda máxima establécese en 65 puntos, tamén para as dúas tipoloxías de proxectos. As porcentaxes de axuda mínima e máxima, así como, o importe máximo de axuda que poderá obter un proxecto reflíctense no seguinte cadro:



	<i>Tipo de proxectos</i>	<i>Nota corte</i>	<i>% axuda</i>	<i>Nota máxima</i>	<i>% axuda</i>	<i>Cantidad axuda máxima</i>
	Producción agraria primaria	25	30%	65	50%	(1)
	Transformación e comercialización de produtos agrarios	25	30%	65	50%	(2)
<i>Productivos</i>	Transformación e comercialización de produtos forestais	25	20%	65	40%	100.000,00 €
	Creación, ampliación ou modernización de todo tipo de empresas de actividade non agraria	25	30%	65	50%	100.000,00 €
	Bono Activa Rural	25	---	---	---	18.000,00 €
<i>Non productivos</i>	Prioridade alta	25	70%	65	90%	75.000,00 €
	Prioridade media	25	50%	65	70%	
	Prioridade baixa	25	30%	65	50%	

- (1) A axuda máxima para este tipo de proxectos veñen limitadas polo establecido no artigo 10 da *RESOLUCIÓN do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas* (DOG 89 do 10 de maio de 2023), así como polo que establezan as bases reguladoras para a intervención Leader Galicia 2023-2027.
- (2) A axuda máxima para este tipo de proxectos veñen limitadas polo establecido no artigo 11 da *RESOLUCIÓN do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas* (DOG 89 do 10 de maio de 2023), así como polo que establezan as bases reguladoras para a intervención Leader Galicia 2023-2027.

As porcentaxes de axuda entre o máximo e o mínimo, calcularanse mediante unha relación proporcional directa cos puntos obtidos no baremo, axustada esa porcentaxe a dous decimais: por cada punto adicional a partir da nota de corte (25 puntos) incrementarase a porcentaxe de axuda nun 0,50%. A continuación preséntanse as táboas e axuda por puntuacións.



Proxectos produtivos agás Transformación e comercialización de produtos forestais

Nota de corte 25 puntos - 30% percentaxe axuda				50% percentaxe axuda máxima - 65 puntos			
Puntos baremo	% de axuda	Puntos baremo	% de axuda	Puntos baremo	% de axuda	Puntos baremo	% de axuda
26	30,50%	36	35,50%	46	40,50%	56	45,50%
27	31,00%	37	36,00%	47	41,00%	57	46,00%
28	31,50%	38	36,50%	48	41,50%	58	46,50%
29	32,00%	39	37,00%	49	42,00%	59	47,00%
30	32,50%	40	37,50%	50	42,50%	60	47,50%
31	33,00%	41	38,00%	51	43,00%	61	48,00%
32	33,50%	42	38,50%	52	43,50%	62	48,50%
33	34,00%	43	39,00%	53	44,00%	63	49,00%
34	34,50%	44	39,50%	54	44,50%	64	49,50%
35	35,00%	45	40,00%	55	45,00%	Axuda máxima = 100.000 €	
Entre os 25 e os 65 puntos, a axuda calcularase coa fórmula: $30\% + (\text{puntuación acadada} - 25) \times 0,50$							

Proxectos produtivos - Transformación e comercialización de produtos forestais

Nota de corte 25 puntos - 20% percentaxe axuda				40% percentaxe axuda máxima - 65 puntos			
Puntos baremo	% de axuda	Puntos baremo	% de axuda	Puntos baremo	% de axuda	Puntos baremo	% de axuda
26	20,50%	36	25,50%	46	30,50%	56	35,50%
27	21,00%	37	26,00%	47	31,00%	57	36,00%
28	21,50%	38	26,50%	48	31,50%	58	36,50%
29	22,00%	39	27,00%	49	32,00%	59	37,00%
30	22,50%	40	27,50%	50	32,50%	60	37,50%
31	23,00%	41	28,00%	51	33,00%	61	38,00%
32	23,50%	42	28,50%	52	33,50%	62	38,50%
33	24,00%	43	29,00%	53	34,00%	63	39,00%
34	24,50%	44	29,50%	54	34,50%	64	39,50%
35	25,00%	45	30,00%	55	35,00%	Axuda máxima = 100.000 €	
Entre os 25 e os 65 puntos, a axuda calcularase coa fórmula: 20% + (puntuación acadada - 25) x 0,50							

Proxectos non produtivos - Prioridade alta

Nota de corte 25 puntos - 70% percentaxe axuda				90% percentaxe axuda máxima - 65 puntos			
Puntos baremo	% de axuda	Puntos baremo	% de axuda	Puntos baremo	% de axuda	Puntos baremo	% de axuda
26	70,50%	36	75,50%	46	80,50%	56	85,50%
27	71,00%	37	76,00%	47	81,00%	57	86,00%
28	71,50%	38	76,50%	48	81,50%	58	86,50%
29	72,00%	39	77,00%	49	82,00%	59	87,00%



30	72,50%	40	77,50%	50	82,50%	60	87,50%
31	73,00%	41	78,00%	51	83,00%	61	88,00%
32	73,50%	42	78,50%	52	83,50%	62	88,50%
33	74,00%	43	79,00%	53	84,00%	63	89,00%
34	74,50%	44	79,50%	54	84,50%	64	89,50%
35	75,00%	45	80,00%	55	85,00%	Axuda máxima = 75.000 €	
Entre os 25 e os 65 puntos, a axuda calcularase coa fórmula: $70\% + (\text{puntuación acadada} - 25) \times 0,50$							

Proxectos non produtivos - Prioridade media

Nota de corte 25 puntos - 50% percentaxe axuda				70% percentaxe axuda máxima - 65 puntos			
Puntos baremo	% de axuda	Puntos baremo	% de axuda	Puntos baremo	% de axuda	Puntos baremo	% de axuda
26	50,50%	36	55,50%	46	60,50%	56	65,50%
27	51,00%	37	56,00%	47	61,00%	57	66,00%
28	51,50%	38	56,50%	48	61,50%	58	66,50%
29	52,00%	39	57,00%	49	62,00%	59	67,00%
30	52,50%	40	57,50%	50	62,50%	60	67,50%
31	53,00%	41	58,00%	51	63,00%	61	68,00%
32	53,50%	42	58,50%	52	63,50%	62	68,50%
33	54,00%	43	59,00%	53	64,00%	63	69,00%
34	54,50%	44	59,50%	54	64,50%	64	69,50%
35	55,00%	45	60,00%	55	65,00%	Axuda máxima = 75.000 €	
Entre os 25 e os 65 puntos, a axuda calcularase coa fórmula: $50\% + (\text{puntuación acadada} - 25) \times 0,50$							

Proxectos non produtivos-Prioridade baixa

Nota de corte 25 puntos - 30% percentaxe axuda				50% percentaxe axuda máxima - 65 puntos			
Puntos baremo	% de axuda	Puntos baremo	% de axuda	Puntos baremo	% de axuda	Puntos baremo	% de axuda
26	30,50%	36	35,50%	46	40,50%	56	45,50%
27	31,00%	37	36,00%	47	41,00%	57	46,00%
28	31,50%	38	36,50%	48	41,50%	58	46,50%
29	32,00%	39	37,00%	49	42,00%	59	47,00%
30	32,50%	40	37,50%	50	42,50%	60	47,50%
31	33,00%	41	38,00%	51	43,00%	61	48,00%
32	33,50%	42	38,50%	52	43,50%	62	48,50%
33	34,00%	43	39,00%	53	44,00%	63	49,00%
34	34,50%	44	39,50%	54	44,50%	64	49,50%
35	35,00%	45	40,00%	55	45,00%	Axuda máxima = 75.000 €	
Entre os 25 e os 65 puntos, a axuda calcularase coa fórmula: $30\% + (\text{puntuación acadada} - 25) \times 0,50$							



J.5. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN E PRIORIZACIÓN DE PROXECTOS

A tramitación dos expediente e o proceso de selección e priorización de proxectos por parte do GDR05 Asociación Miño Ulla seguirá os seguintes pasos, que se adecuarán en todo momento ás directrices que estableza a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural nas bases reguladoras, así como ao resto de lexislación que resulte de aplicación:

1. Convocatoria de selección de proxectos.

No ámbito das axudas que se tramiten ao abeiro da intervención Leader 2023-2027 para apoio á realización de operacións conforme a estratexia de desenvolvemento local participativo, o procedemento de concesión de axudas iniciárase mediante convocatoria pública publicada Diario Oficial de Galicia, e na que se establecerá o importe dispoñible a repartir polo GDR05 na mesma. Unha vez publicada a convocatoria, quedará aberto o prazo para a presentación de solicitudes de axuda.

2. Solicitud de axuda.

Os promotores dirixirán a solicitude de axuda ao GDR05 Asociación Miño Ulla, segundo os modelos normalizados que estarán ao dispor dos interesados na sede electrónica da Xunta de Galicia e na páxina web e na sede do GDR05. As solicitudes deberán presentarse obrigatoriamente por vía electrónica, e para a presentación das mesmas poderán empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia.

3. Acta de non inicio.

O equipo técnico do GDR05 levantará Acta de Non Inicio (ANI) dos investimentos acompañada de material fotográfico no prazo dos 10 días seguintes ao rexistro da solicitude de axuda, para o cal realizará unha inspección in situ para verificar o non inicio dos gastos ou investimentos para os que se solicita a axuda.

4. Análise da solicitude de axuda e de toda a documentación que a acompaña.

O equipo técnico do GDR05 será o responsable de analizar que a solicitude cumpre cos requisitos establecidos nas bases reguladoras e na EDLP, así como no resto da normativa comunitaria e nacional que sexa de aplicación, e de que conta con toda a información precisa para o seu análise. En caso contrario, requirirase á persoa ou entidade solicitante para que emende as deficiencias atopadas nun prazo de 10 días, coa indicación de que se así non o fixer teráselle por desistido da súa petición e procederase ao arquivo do expediente. Se o promotor non presenta a documentación solicitada farase informe de control de elixibilidade desfavorable.

5. Emisión do Informe de Control de Elixibilidade (ICE).

Cando a solicitude estea completa, o equipo técnico do GDR05 emitirá o ICE, segundo modelo normalizado, no que reflectirá o resultado da avaliación e baremación do proxecto, ao abeiro dos criterios obxectivos expostos na estratexia de desenvolvemento local, nas bases reguladoras e na normativa que resulte de aplicación. Serán remitidas á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural tanto as solicitudes que sexan conformes, e que por tanto teñan un



ICE favorable, como aquelas que teñan un ICE desfavorable, co obxectivo de que a Axencia contraste e revise tal información. Unicamente no caso de renuncia ou desistencia expresa do promotor non será necesario emitir ICE, xa que se procederá ao arquivo do expediente.

6. Verificación do ICE.

Compételle a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural realizar a verificación do ICE, ao abeiro da estratexia de desenvolvemento local do GDR05, das bases reguladoras, da normativa reguladora do Feader, da normativa sectorial que resulte de aplicación ao proxecto, e dos principios de complementariedade e coherencia coas políticas do marco da comunidade autónoma galega. No suposto de carencias ou defectos na documentación que integra o expediente, o persoal da Axencia requirirá ao equipo técnico do GDR05 documentación complementaria. Se a mesma compete ao GDR05, este remitiralla á Axencia, en caso contrario requiriralla ao promotor outorgándolle un prazo de 10 días para presentala, coa indicación de que de non presentala teráselle por desistido da súa petición e procederase ao arquivo do expediente.

A verificación do ICE por parte da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural terá o carácter de informe preceptivo e vinculante, de xeito que non poderá ser seleccionado nin concederse subvención a ningún proxecto que non conte coa verificación da elixibilidade favorable.

7. Selección de proxectos e proposta de resolución da xunta directiva do GDR.

Unha vez que o GDR05 conte coa verificación favorable do ICE dos expedientes, a xunta directiva da Asociación Miño Ulla como órgano decisorio establecido, remitirá á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a relación dos proxectos para os que se propoña a concesión da axuda, ata o límite do crédito dispoñible en cada anualidade do cadro financeiro para cada tipoloxía de proxectos, distinguindo entre proxectos produtivos e non produtivos, e dentro destes últimos distinguirse a súa vez entre os non produtivos promovidos por entidades públicas locais e os promovidos por entidades de carácter privado.

En canto aos proxectos non produtivos, a relación que propoña o GDR05 para a concesión da axuda incluírá, en primeiro lugar, os considerados de prioridade alta, logo os de prioridade media e, por último, o resto dos proxectos non produtivos ou proxectos non produtivos de prioridade baixa.

A relación de expedientes propostos pola xunta directiva do GDR05 incluírá a distribución da axuda por anualidades e o prazo máximo de execución de cada un dos expedientes propostos.

A orde de selección fixarase tendo en conta a puntuación total acadada no baremo correspondente ao ICE verificado de cada un dos proxectos, tendo prioridade os de maior puntuación. En caso de empate a puntos os criterios a empregar para a priorización de proxectos serán:

- Proxectos produtivos:
 1. Maior número de empregos creados, de persistir o empate
 2. Que o proxecto se encadre nun sector prioritario na estratexia do GDR05, de persistir o empate
 3. Maior puntuación no criterio “1. Localización xeográfica do investimento”, de persistir o empate
 4. Terá prioridade o proxecto que primeiro se tivese rexistrado.



- Proxectos non produtivos:
 1. Maior número de empregos creados, de persistir o empate
 2. Maior puntuación no criterio “2.2. Ámbito de actuación do investimento”, de persistir o empate
 3. Maior puntuación no criterio “1. Localización xeográfica do investimento”, de persistir o empate
 4. Terá prioridade o que primeiro se tivese rexistrado.

As propostas de resolución de concesión da axuda emitidas pola xunta directiva do GDR05, nas que se inclúa unha relación de proxectos para os que se propón axuda, tamén incluírán, no caso de que existan, unha lista de agarda (ordenada de maior a menor prioridade e puntuación) formada por proxectos que contén co ICE verificado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e para os cales non exista crédito dispoñible na anualidade.

Os proxectos que contén con ICE desfavorable emitido polo equipo técnico do GDR05 e este sexa, á súa vez, verificado pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural; así como os proxectos que contén con ICE favorable emitido polo equipo técnico do GDR05 pero que a Axencia non verifique favorablemente, non poderán ser seleccionados pola xunta directiva do GDR05. Nestes casos, procederá que a citada xunta directiva propoña á Axencia, xunto co listado de expedientes para os que se propón a axuda, un listado dos expedientes para os cales non se propón a concesión de subvención por atoparse na situación descrita.

Aquelas solicitudes que non puidesen ser atendidas no período correspondente á anualidade na que se presenten, por non contar con ICE verificado favorablemente pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural ou por falta de crédito, poderán ser tomadas en consideración na anualidade inmediatamente seguinte, no caso de que o solicitante faga manifestación expresa neste sentido, sen que isto supoña preferencia ningunha como criterio de selección. Non poderá usarse esta posibilidade cando o GDR05 modifique na súa estratexia de desenvolvemento local os criterios de selección e valoración de proxectos que rexían no momento da presentación das solicitudes que non puideron atenderse no período anterior.

8. Resolución de concesión de axuda

A persoa titular da Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural resolverá sobre a concesión ou denegación das axudas, nos termos contidos na proposta de resolución efectuada pola xunta directiva do GDR05, sempre que no caso das resolucións de concesión de axuda, se constate a existencia de dispoñibilidades financeiras.

A cada promotor notificaráselle a resolución sobre o seu expediente, xa sexa de concesión, de denegación ou de arquivo do expediente. No caso da concesión, e sen prexuízo dos recursos que procedan, transcorridos 10 días naturais desde a notificación sen que o interesado comunicase expresamente a súa renuncia á subvención, entenderase que a acepta, e adquirirá desde ese momento a condición de beneficiario.



J.6. CRITERIOS PARA A BAREMACIÓN DOS PROXECTOS

J.6.1. BAREMO PARA PROXECTOS PRODUTIVOS

Establécese unha puntuación máxima de 100 puntos para os proxectos produtivos, sendo a nota de corte para a subvencionalidade 25 puntos, é dicir que aqueles proxectos que obteñan unha puntuación de 0 a 24 puntos non poderán ser subvencionados. Con 65 puntos os proxectos obterían a máxima porcentaxe de axuda.

1. Localización xeográfica do investimento (máximo 30 puntos)

Os puntos son acumulables ata un máximo de 30 puntos. Os proxectos serán baremados segundo a parroquia ou entidade colectiva de poboación onde vaian localizarse e a puntuación establécese tendo en conta as características socioeconómicas e demográficas dos dez concellos integrados no GDR05. As puntuacións priman a aqueles concellos con menor renda dispoñible bruta, maior porcentaxe de paro, menor densidade de poboación, maior perda de poboación no último quinquenio, maior taxa de envellecemento e as parroquias ou entidades de poboación con menos habitantes, tratando deste xeito de priorizar proxectos localizados nos concellos menos desenvolvidos do GDR05 e con maior perda de poboación e envellecemento, para que coa súa posta en marcha contribúan aos obxectivos de fixar poboación e lograr un desenvolvemento harmónico do territorio.

1.1. Renda dispoñible bruta por habitante (máximo 5 puntos)

En función do índice da renda dispoñible bruta por habitante que ten cada un dos concellos do GDR05 dando a Galicia o valor 100 (valores da renda dispoñible bruta por habitante para cada concello - Ano 2019 IGE).



Renda dispoñible bruta por habitante (RDBph)	Concello	Puntuación
Concellos cunha RDBph ≤ 75	Antas de Ulla, Paradela e O Páramo	5 puntos
Concellos cunha RDBph > 75 e ≤ 80	Carballedo	4 puntos
Concellos cunha RDBph > 80 e ≤ 85	Palas de Rei e Taboada	3 puntos
Concellos cunha RDBph > 85 e ≤ 90	Chantada, Monterroso e Portomarín	2 puntos
Concellos cunha RDBph > 90 e ≤ 95	Sarria	1 puntos

1.2. Porcentaxe de paro rexistrado sobre poboación entre 16 e 64 anos (máximo 5 puntos)

En función dos parados rexistrados por cada 100 habitantes con idades entre 16 e 64 anos censados en cada concello do GDR05 (paro rexistrado por concellos a 31/12/2021 - IGE e poboación entre 16 e 64 anos a 01/01/2022 - IGE).

% Paro rexistrado sobre poboación entre 16 anos e 64 anos	Concello	Puntuación
Concellos cunha porcentaxe ≥ 8	Chantada e Sarria	5 puntos
Concellos cunha porcentaxe < 8 e ≥ 7	Monterroso e Palas de Rei	4 puntos
Concellos cunha porcentaxe < 7 e ≥ 6	Antas de Ulla, Carballedo e Taboada	3 puntos
Concellos cunha porcentaxe < 6 e ≥ 5	O Páramo	2 puntos
Concellos cunha porcentaxe < 5	Paradela e Portomarín	1 puntos

1.3. Densidade de poboación (máximo 5 puntos)

En función da densidade de poboación que teña cada un dos concellos do GDR05 (datos IGE a 01/01/2022).

Densidade de poboación	Concello	Puntuación
Concellos cunha densidade ≤ 15	Carballedo, Paradela e Portomarín	5 puntos
Concellos cunha densidade > 15 e ≤ 30	Antas de Ulla, Palas de Rei, O Páramo e Taboada	4 puntos
Concellos cunha densidade > 30 e ≤ 45	Monterroso	3 puntos
Concellos cunha densidade > 45 e ≤ 60	Chantada	2 puntos
Concellos cunha densidade > 60	Sarria	1 puntos



1.4. Taxa de evolución interanual da poboación (máximo 5 puntos)

En función da variación da poboación en cada concello do GDR05 no período 2017-2022 (datos IGE).

<i>Evolución da poboación</i>	<i>Concello</i>	<i>Puntuación</i>
<i>Concellos cunha caída ≥ 9</i>	Paradela e Portomarín	5 puntos
<i>Concellos cunha caída < 9 e ≥ 7</i>	Carballedo e Taboada	4 puntos
<i>Concellos cunha caída < 7 e ≥ 5</i>	Antas de Ulla e O Páramo	3 puntos
<i>Concellos cunha caída < 5 e ≥ 3</i>	Chantada e Palas de Rei	2 puntos
<i>Concellos cunha caída < 3</i>	Monterroso e Sarria	1 puntos

1.5. Taxa de envellecemento da poboación (máximo 5 puntos)

En función dos habitantes con 65 ou máis anos por cada 100 habitantes censados en cada concello do GDR05 (datos IGE ano 2022).

<i>Taxa envellecemento</i>	<i>Concello</i>	<i>Puntuación</i>
<i>Concellos cunha taxa ≥ 40</i>	Carballedo, Paradela e Taboada	5 puntos
<i>Concellos cunha taxa < 40 e ≥ 35</i>	Antas de Ulla, Palas de Rei, O Páramo e Portomarín	4 puntos
<i>Concellos cunha taxa < 35 e ≥ 30</i>	Chantada e Monterroso	3 puntos
<i>Concellos cunha taxa < 30 e ≥ 25</i>	Sarria	2 puntos
<i>Concellos cunha taxa < 25</i>	----	1 puntos

1.6. Parroquia ou entidade colectiva de poboación onde se localiza o investimento (máximo 5 puntos)

En función do número de habitantes censados por cada parroquia ou entidade colectiva (datos INE a 01/01/2022).

<i>Habitantes por parroquia</i>	<i>Parroquia</i>	<i>Puntuación</i>
<i>Parroquias con < 500 habitantes</i>	Todas menos as citadas nos apartados seguintes	5 puntos
<i>Parroquias con ≥ 500 e < 2.000 habitantes</i>	Antas de Ulla (parroquia), Palas de Rei (parroquia) e Carballo (Taboada)	4 puntos
<i>Parroquias con ≥ 2.000 e < 4.000 habitantes</i>	Esporiz (Monterroso)	3 puntos
<i>Parroquias con ≥ 4.000 e < 8.000 habitantes</i>	Chantada	2 puntos
<i>Parroquias con ≥ 8.000 e < 10.000 habitantes</i>	Sarria	1 puntos



2. Características da persoa promotora do investimento (máximo 10 puntos)

Os puntos son acumulables ata un máximo de 10 puntos. Os proxectos serán baremados en función das características das persoas ou entidades promotoras dos mesmos, priorizando determinados colectivos co obxectivo de promocionar a igualdade de xénero, de favorecer unha maior integración daqueles que por diferentes razóns teñen máis dificultades á hora de acceder ao emprego e de reforzar a cohesión social no territorio. Polo que as puntuacións priman as mulleres, as persoas con diversidade funcional igual ou superior ao 33% ou en risco de exclusión social e inmigrantes ou emigrantes retornados así como as entidades de economía social, e en menor medida aos homes de 40 ou menos anos e de 55 ou máis anos polas súas dificultades de inserción laboral.

Persoa promotora do investimento	Puntuación
<i>Mulleres, persoas con diversidade funcional $\geq$ 33% ou en risco de exclusión social, inmigrantes ou emigrantes retornados</i>	8 puntos
<i>Persoas xurídicas nas que unha porcentaxe superior ao 50% do capital social osténtano mulleres, persoas con diversidade funcional $\geq$ 33% ou en risco de exclusión social, inmigrantes ou emigrantes retornados</i>	8 puntos
<i>Entidades de economía social (cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego, empresas de inserción, ...), por S.A.T., por C.M.V.M.C. ou polas súas mancomunidades</i>	8 puntos
<i>Homes $\leq$ 40 anos ou $\geq$ 55 anos</i>	6 puntos
<i>Persoas xurídicas nas que unha porcentaxe superior ao 50% do capital social osténtano homes $\leq$ 40 anos ou $\geq$ 55 anos</i>	6 puntos
<i>Homes $>$ 40 anos e $<$ 55</i>	4 puntos
<i>Persoas xurídicas nas que unha porcentaxe superior ao 50% do capital social osténtano homes $>$ 40 anos e $<$ 55</i>	4 puntos
<i>Persoas físicas desempregadas ou persoas xurídicas cuxos socios sexan desempregados nunha porcentaxe superior ao 50% do capital social. A condición de desempregado acreditarase coa correspondente inscrición como tal no Servizo Público de Emprego durante, como mínimo, os 180 días anteriores á presentación da solicitude de axuda</i>	2 puntos

3. Incidencia no emprego do investimento (máximo 30 puntos)

Os puntos son acumulables ata un máximo de 30 puntos. Dado que o mantemento ou consolidación de emprego é obrigatorio nos proxectos produtivos do Leader Galicia 2023-2027, no GDR05 só poderán obter puntuación neste criterio os investimentos que dan lugar á creación de emprego a partir de 0,25 UTAs sempre con posterioridade á solicitude de axuda. Os proxectos serán baremados pola súa creación de emprego en relación ao investimento e tamén se puntúa a contratación de determinados colectivos co obxectivo de promocionar a igualdade de xénero, de favorecer unha maior integración de determinados colectivos desfavorecidos e con dificultades de acceso ao mercado laboral.



Os proxectos que decidan optar polo Bono Activa Rural, e dado que é requisito que o promotor curse alta no réxime de traballadores de autónomos, só serán baremados neste criterio polos postos de traballo adicionais que creen de ser o caso.

3.1. Por creación de emprego (máximo 15 puntos)

Entenderase por posto de traballo creado unha xornada laboral completa durante todo o ano (unidade de traballo/ano - UTA). O traballo das persoas que non sexan contratadas todo o ano, ou sexan contratadas a tempo parcial, cóntase como fraccións de UTA (só se contarán os postos de traballo creados a partir de 0,25 UTAs).

<i>Por creación de emprego</i>	<i>Puntuación</i>
$Puntos = (N^{\circ} \text{ de UTAs} \times 3) + (100.000 / \text{inversión total elixible})$	Máximo 15 puntos

3.2. Por contratación de determinados colectivos (máximo 15 puntos)

Por cada contratación de persoas dalgún dos seguintes colectivos en termos de UTAs, as fraccións de UTA computaranse de xeito proporcional (só se contarán os postos de traballo creados a partir de 0,25 UTAs). Os puntos son acumulables ata un máximo de 15 puntos.

<i>Contratación nos seguintes colectivos</i>	<i>Puntuación</i>
<i>Mulleres</i>	4 puntos
<i>Mozos/as (≤ 40 anos) ou persoas maiores (≥ 55 anos)</i>	4 puntos
Se o investimento está orientado a crear, fomentar ou mellorar os servizos educativos, sanitarios e/ou actividades culturais ou deportivas	14 puntos		
Se o investimento está orientado a crear, fomentar ou mellorar os servizos e infraestruturas que favorezan o asociacionismo e/ou as actividades de lecer	12 puntos		
Resto de investimentos non produtivos	10 puntos		
3.2. Carácter innovador e creación de emprego (puntos acumulables)		10	
Inexistencia dunha actividade / actuación similar no concello (valorarase a singularidade e novidade do proxecto)	7 puntos		
Inexistencia dunha actividade / actuación similar na parroquia (valorarase a singularidade e novidade do proxecto)	5 puntos		
Se o investimento crea emprego (mínimo 0,25 UTAs)	3 puntos		
Incorporación / utilización das TICs (en concreto, implementación de software e equipos tecnolóxicos)	2 puntos		
3.3. Incidencia medioambiental (puntos acumulables)		10	
Actuacións de mellora paisaxística ou de recuperación do entorno	6 puntos		
Rehabilitación fronte a nova construción	6 puntos		
Utilización de enerxías renovables e/ou técnicas eficientes de baixo consumo enerxético de cara á sustentabilidade medioambiental (deberá ser como mínimo o 5% do investimento subvencionable)	4 puntos		
Localización en espazos naturais protexidos	3 puntos		
Localización en polígonos industriais	2 puntos		
3.4. Incidencia sobre o patrimonio do investimento		10	
Se o investimento rehabilita, difunde, promociona ou desenvolve o patrimonio rural, tanto material como inmaterial, nas súas diferentes vertentes: natural, paisaxística, etnográfica, arquitectónica ou cultural	10 puntos		
PUNTUACIÓN TOTAL		100	



J.6.5. RELACIÓN ENTRE CRITERIOS DE BAREMACIÓN E OBJECTIVOS PROPOSTOS E PLAN DE ACCIÓN DA EDLP

Neste apartado detállase a relación existente entre os criterios de baremación establecidos polo GDR05, tanto dos proxectos produtivos como dos proxectos non produtivos coas liñas estratéxicas propostas no plan de acción (epígrafe I) e os obxectivos xerais da estratexia (epígrafe H).

Proxectos produtivos

1. Localización xeográfica do investimento

Nos criterios relacionados coa localización xeográfica do investimento, os proxectos produtivos serán baremados segundo a parroquia ou entidade colectiva de poboación onde vaian localizarse e a puntuación establécese tendo en conta as características socioeconómicas e demográficas dos dez concellos integrados no GDR05.

A través destes criterios dáselle prioridade aos proxectos que se desenvolvan naqueles concellos con menor renda dispoñible bruta, maior porcentaxe de paro, menor densidade de poboación, maior perda de poboación no último quinquenio, maior taxa de envellecemento e as parroquias ou entidades de poboación con menos habitantes. Deste xeito se priorizan proxectos localizados nos concellos menos desenvolvidos do GDR05 e con maior perda de poboación e envellecemento para que, coa súa posta en marcha, contribúan a fixar poboación, mellorar a calidade de vida, fortalecer a cohesión e lograr un desenvolvemento harmónico e sostible do territorio.

Os obxectivos xerais máis relacionados cos diferentes criterios da localización xeográfica son os seguintes:

- 3. Recuperación de terra agraria abandonada
- 5. Aumentar a poboación do territorio
- 9. Fomento da dixitalización e innovación
- 10. Non discriminación e integración

En canto ás liñas estratéxicas, este criterio está presente en todas, pero máis nas seguintes:

- LE1. Economía e calidade de vida
- LE4. Fixación de poboación e atracción de visitantes

2. Características da persoa promotora do investimento

En canto á persoa promotora do investimento, os proxectos produtivos serán baremados en función das características das persoas ou entidades promotoras dos mesmos, priorizando determinados colectivos co obxectivo de promocionar a igualdade de xénero, de favorecer unha maior integración daqueles que por diferentes razóns teñen máis dificultades á hora de acceder ao emprego e de reforzar a cohesión social no territorio.

Polo tanto, as puntuacións priman as mulleres, as persoas con diversidade funcional igual ou superior ao 33% ou en risco de exclusión social e inmigrantes ou emigrantes retornados así



como as entidades de economía social e, en menor medida, aos homes de 40 anos ou menos e de 55 ou máis anos polas súas dificultades de inserción laboral.

Os obxectivos xerais vense influídos por este criterio, ao igual que as liñas estratéxicas.

3. Incidencia no emprego do investimento

En canto á incidencia no emprego, os proxectos produtivos serán baremados pola súa creación de emprego en relación ao investimento e tamén se puntúa a contratación de determinados colectivos co obxectivo de promover a igualdade de xénero, de favorecer unha maior integración de determinados colectivos desfavorecidos e con dificultades de acceso ao mercado laboral.

Os obxectivos xerais vense influídos por este criterio, ao igual que as liñas estratéxicas.

4. Tipoloxía do investimento e impacto sobre o territorio

Nos criterios relacionados coa tipoloxía do investimento e o impacto do mesmo sobre o territorio, os proxectos produtivos serán baremados en función da súa tipoloxía, da súa incidencia medioambiental no territorio e do seu carácter innovador.

Con referencia á tipoloxía dos investimentos, prímase os investimentos nunha serie de sectores considerados como prioritarios en función da economía do territorio e das súas necesidades de desenvolvemento.

En canto á incidencia medioambiental dos proxectos prímase a utilización de enerxías renovables, as producións de calidade amparadas baixo selos de calidade ou certificacións recoñecidas, a reciclaxe e a reutilización, a inscricións en rexistros oficiais de pegada de carbono, a localización en polígonos industriais e, por suposto, a rehabilitación no canto da nova construción.

Por último, puntuarase o carácter innovador do investimento coa non existencia da actividade a nivel de concello ou de parroquia e a incorporación/utilización das novas tecnoloxías da información e da comunicación.

Os obxectivos xerais máis relacionados cos diferentes criterios da tipoloxía do investimento e impacto sobre o territorio son os seguintes:

- 1. Explotación de recursos naturais de forma sostible
- 2. Posta en valor do patrimonio natural e paisaxístico e cultural
- 3. Recuperación de terra agraria abandonada
- 4. Mellorar e crear servizos para a poboación, favorecendo a mellora do nivel de vida da mesma
- 7. Loita contra o cambio climático

En canto ás liñas estratéxicas, este criterio está presente en todas.

Tras esta pequena memoria explicativa veremos de xeito gráfico as relación explicadas, polo que de seguido inclúense dous cadros, no primeiro vemos a relación entre os criterios de



barefacción dos proxectos produtivos e as liñas estratéxicas propostas no plan de acción e no segundo a relación entre eses criterios e os obxectivos xerais da estratexia do GDR05.



Baremo proxectos produtivos Leader 2023 – 2027	LIÑAS ESTRATÉXICAS			
	LE1. Economía e calidade de vida	LE2. Sostibilidade	LE3. Cohesión	LE4. Fixación de poboación e atracción de visitantes
1. LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO				
1.1. Renda dispoñible bruta por habitante	X	X		X
1.2. Porcentaxe de paro rexistrado	X	X	X	X
1.3. Densidade de poboación	X	X	X	X
1.4. Taxa evolución interanual da poboación	X	X	X	X
1.5. Taxa de envellecemento da poboación	X	X	X	X
1.6. Parroquia ou entidade colectiva onde se localiza o investimento	X		X	X
2. CARACTERÍSTICAS DA PERSOA PROMOTORA DO INVESTIMENTO	X	X	X	X
3. INCIDENCIA NO EMPREGO DO INVESTIMENTO				
3.1. Por creación de emprego	X	X	X	X
3.2. Por contratación de determinados colectivos	X	X	X	X
4. TIPOLOXÍA DO INVESTIMENTO E IMPACTO SOBRE O TERRITORIO				
4.1. Tipoloxía do investimento	X	X	X	X
4.2. Incidencia medioambiental e capacidade de arrastre	X	X	X	X
4.3. Carácter innovador	X	X	X	X



Baremo proxectos produtivos Leader 2023 – 2027

OBXECTIVOS XERAIS E LIÑAS ESTRATÉXICAS

	1. Explotación de recursos naturais de forma sostible	2. Posta en valor do patrimonio natural e paisaxístico e cultural	3. Recuperación de terra agraria abandonada	4. Mellorar e crear servizos para a poboación, favorecendo a mellora do nivel de vida da mesma	5. Aumentar a poboación do territorio	6. Promover a creación e mantemento de emprego	7. Loita contra o cambio climático	8. Potenciar a gobernabilidade territorial e a animación do territorio	9. Fomento da dixitalización e innovación	10. Non discriminación e integración
	LE1 LE2	LE4	LE1 LE2	LE1 LE4	LE4	LE1 LE2	LE2	LE3 LE4	LE3	LE1 LE3 LE4
1. LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO										
1.1. Renda dispoñible bruta por habitante			X		X					
1.2. Porcentaxe de paro rexistrado			X			X		X	X	X
1.3. Densidade de poboación	X		X	X	X	X		X	X	X
1.4. Taxa evolución interanual da poboación	X		X	X	X	X		X	X	X
1.5. Taxa de envellecemento da poboación				X	X				X	X
1.6. Parroquia ou entidade colectiva onde se localiza o investimento	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
2. CARACTERÍSTICAS DA PERSOA PROMOTORA DO INVESTIMENTO	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
3. INCIDENCIA NO EMPREGO DO INVESTIMENTO										
3.1. Por creación de emprego	X	X	X		X	X		X	X	X
3.2. Por contratación de determinados colectivos	X	X	X			X		X	X	X
4. TIPOLOXÍA DO INVESTIMENTO E IMPACTO SOBRE O TERRITORIO										
4.1. Tipoloxía do investimento	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
4.2. Incidencia medioambiental e capacidade de arrastre	X	X	X	X			X			
4.3. Carácter innovador	X	X	X	X		X	X			



Proxectos non produtivos

1. Localización xeográfica do investimento

Nos criterios relacionados coa localización xeográfica do investimento, os proxectos non produtivos serán baremados segundo a parroquia ou entidade colectiva de poboación onde vaian localizarse.

A puntuación establécese tendo en conta as características socioeconómicas e demográficas dos dez concellos integrados no GDR05.

A través destes criterios dáselle prioridade aos proxectos que se desenvolvan naqueles concellos con menor renda dispoñible bruta, maior porcentaxe de paro, menor densidade de poboación, maior perda de poboación no último quinquenio, maior taxa de envellecemento e as parroquias ou entidades de poboación con menos habitantes

Deste xeito trátase de priorizar proxectos localizados nos concellos menos desenvolvidos do GDR05 e con maior perda de poboación e envellecemento para que, coa súa posta en marcha, contribúan aos obxectivos de fixar poboación, mellorar a calidade de vida, fortalecer a cohesión e lograr un desenvolvemento harmónico e sostible do territorio.

Os obxectivos xerais máis relacionados cos diferentes criterios da localización xeográfica son os seguintes:

- 3. Recuperación de terra agraria abandonada
- 5. Aumentar a poboación do territorio
- 9. Fomento da dixitalización e innovación
- 10. Non discriminación e integración

En canto ás liñas estratéxicas, este criterio está presente en todas, pero máis nas seguintes:

- LE1. Economía e calidade de vida
- LE4. Fixación de poboación e atracción de visitantes

2. Características da persoa promotora e ámbito de actuación do investimento

En canto á persoa promotora do investimento, os proxectos non produtivos serán baremados en función das características das entidades promotoras dos mesmos, priorizando co obxectivo de promocionar a igualdade de xénero, de favorecer unha maior integración de determinados colectivos e de reforzar a cohesión social no territorio. E tamén se puntuará o proxecto polo seu ámbito de actuación, obtendo maior puntuación primeiramente os proxectos relacionados coa lei de recuperación de terras agrarias pola importancia que ten recuperar e por en produción terras agrarias abandonadas a través das distintas actuacións que esta lei promove para deste xeito contribuír a sustentabilidade e ao coidado e protección do medio ambiente e fixar poboación; e de seguido aqueles proxectos que teñan ámbito supramunicipal, xa que se trata de primar a asociación entre concellos ou entidades para a prestación de servizos de xeito mancomunado que permita ofertar servizos a maior poboación cun custe menor, en definitiva perseguindo e eficacia e a eficiencia na xestión dos recursos e a mellora na calidade de vida.



Os obxectivos xerais vense influídos por este criterio, ao igual que as liñas estratéxicas.

3. Tipoloxía do investimento e impacto sobre o territorio

Nos criterios relacionados coa tipoloxía do investimento e o impacto do mesmo sobre o territorio, os proxectos non produtivos serán baremados en función da poboación beneficiada co investimento e a incidencia sobre a mellora da súa calidade de vida, do seu carácter innovador e da creación de emprego e da incidencia medioambiental e sobre o patrimonio natural, paisaxístico e cultural do investimento.

Os obxectivos xerais máis relacionados cos diferentes criterios da tipoloxía do investimento e impacto sobre o territorio son os seguintes:

- 1. Explotación de recursos naturais de forma sostible
- 2. Posta en valor do patrimonio natural e paisaxístico e cultural
- 3. Recuperación de terra agraria abandonada
- 4. Mellorar e crear servizos para a poboación, favorecendo a mellora do nivel de vida da mesma
- 7. Loita contra o cambio climático

En canto ás liñas estratéxicas, este criterio está presente en todas, pero especialmente en:

- LE1. Economía e calidade de vida
- LE2. Sostibilidade
- LE4. Fixación de poboación e atracción de visitantes

Tras esta pequena memoria explicativa veremos de xeito gráfico as relacións explicadas, polo que de seguido inclúense dous cadros, no primeiro vemos a relación entre os criterios de baremación dos proxectos non produtivos e as liñas estratéxicas propostas no plan de acción e no segundo a relación entre eses criterios e os obxectivos xerais da estratexia do GDR05.



Baremo proxectos non produtivos Leader 2023 – 2027	LIÑAS ESTRATEXICAS			
	LE1. Economía e calidade de vida	LE2. Sostibilidade	LE3. Cohesión	LE4. Fixación de poboación e atracción de visitantes
1. LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO				
1.1. Renda dispoñible bruta por habitante	X	X		X
1.2. Porcentaxe de paro rexistrado	X	X	X	X
1.3. Densidade de poboación	X	X	X	X
1.4. Taxa evolución interanual da poboación	X	X	X	X
1.5. Taxa de envellecemento da poboación	X	X		X
1.6. Parroquia ou entidade colectiva onde se localiza o investimento	X	X	X	X
2. CARACTERÍSTICAS DA PERSOA PROMOTORA E ÁMBITO DE ACTUACIÓN DO INVESTIMENTO				
2.1. Características da persoa promotora	X	X	X	X
2.2. Ámbito de actuación do investimento	X	X	X	X
3. TIPOLOXÍA DO INVESTIMENTO E IMPACTO SOBRE O TERRITORIO				
3.1. Poboación beneficiada co investimento e incidencia sobre a mellora da súa calidade de vida	X	X	X	X
3.2. Carácter innovador e creación de emprego	X	X	X	X
3.3. Incidencia medioambiental	X	X		X
3.4. Incidencia sobre o patrimonio do investimento	X	X		X



Baremo proxectos non produtivos Leader 2023 – 2027	OBXECTIVOS XERAIS E LIÑAS ESTRATÉXICAS									
	1. Explotación de recursos naturais de forma sostible	2. Posta en valor do patrimonio natural e paisaxístico	3. Recuperación de terra agraria abandonada	4. Mellorar e crear servizos para a poboación, favorecendo a mellora do nivel de vida da mesma	5. Aumentar a poboación do territorio	6. Promover a creación e mantemento de emprego	7. Loita contra o cambio climático	8. Potenciar a gobernabilidade territorial e a animación do territorio	9. Fomento da dixitalización e innovación	10. Non discriminación e integración
	LE1 LE2	LE4	LE1 LE2	LE1 LE4	LE4	LE1 LE2	LE2	LE3 LE4	LE3	LE1 LE3 LE4
1. LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DO INVESTIMENTO										
1.1. Renda dispoñible bruta por habitante			X		X					
1.2. Porcentaxe de paro rexistrado			X			X		X	X	X
1.3. Densidade de poboación	X		X	X	X	X		X	X	X
1.4. Taxa evolución interanual da poboación	X		X	X	X	X		X	X	X
1.5. Tasa de envellecemento da poboación				X	X				X	X
1.6. Parroquia ou entidade colectiva onde se localiza o investimento	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
2. CARACTERÍSTICAS DA PERSOA PROMOTORA E ÁMBITO DE ACTUACIÓN DO INVESTIMENTO										
2.1. Características da persoa promotora	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
2.2. Ámbito de actuación do investimento	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
3. TIPOLOXÍA DO INVESTIMENTO E IMPACTO SOBRE O TERRITORIO										
3.1. Poboación beneficiada co investimento e incidencia sobre a mellora da súa calidade de vida	X			X	X	X	X		X	X
3.2. Carácter innovador e creación de emprego	X	X	X	X	X	X		X	X	X
3.3. Incidencia medioambiental	X	X								
3.4. Incidencia sobre o patrimonio do investimento		X				X				
54 / EDLP Asociación Miño-Ulla GDR05										



J.7. LIMITACIÓNS SECTORIAIS

O GDR05 deberá respectar as limitacións sectoriais establecidas no réxime de axudas do programa Leader, co obxectivo de garantir a complementariedade e a coherencia con outras intervencións públicas que incidan sobre o territorio rural galego. Pasamos de seguido a detallar as limitacións existentes seguindo o establecido na *RESOLUCIÓN do 27 de abril de 2023 pola que se establecen as condicións e os obxectivos para garantir a idónea execución do programa Leader de Galicia para o período 2023-2027, así como as regras para a elaboración das estratexias e os criterios de puntuación referidos aos territorios que se correspondan coas estratexias de desenvolvemento local que sexan seleccionadas* (DOG 89 do 10 de maio de 2023).

J.7.1. TURISMO

Para as inversións en establecementos turísticos e para as inversións en actividades económicas do sector servizos no marco do sector da hostalería rexerá o convenio de colaboración que se asine entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e a Axencia de Turismo de Galicia.

J.7.2. ENERXÍAS RENOVABLES

Para os investimentos no sector das enerxías renovables queda excluído de financiamento a través do programa Leader calquera tipo de investimento en enerxías renovables cuxo destino ou finalidade principal sexa a venda á rede.

J.7.3. SERVIZOS

A creación de servizos como talleres, tinturerías, lavanderías, clínicas, asesorías, salóns de peiteado, despachos profesionais e calquera outra actividade asimilada ás anteriores do sector servizos, só será subvencionable cando se acredite, mediante informe do Concello ou outro método acreditativo similar, que non existe na entidade colectiva ou parroquia onde se pretende localizar ningún servizo dado de alto no epígrafe do IAE que lle corresponda.

A creación de tanatorios só será subvencionable cando se acredite, mediante informe do Concello ou outro método acreditativo similar, que non existe en todo o concello no que se pretende localizar ningún servizo dado de alto no epígrafe do IAE que lle corresponda.

A mellora e ampliación dos establecementos en funcionamento de todos os servizos anteriormente mencionados subvencionarase sempre e cando vaia vinculada á creación de emprego (mínimo 0,25 UTAs).

Non será subvencionable nin a creación nin a mellora e ampliación de salóns recreativos e de xogos e de casas de apostas.



J.7.4. COMERCIO POLO MIÚDO

Só será subvencionable a creación de novos establecementos de comercio polo miúdo, e sempre e cando se acredite, mediante informe do Concello ou outro método acreditativo similar, que non existe na entidade colectiva ou parroquia onde se pretende localizar ningún establecemento dado de alto no epígrafe do IAE que lle corresponda.

Non poderá subvencionarse a creación de comercio polo miúdo de combustibles, carburantes e lubricantes nin o comercio polo miúdo de vehículos de calquera tipo.

Non será subvencionable nin a modernización nin a ampliación de calquera establecemento de comercio polo miúdo en funcionamento.

En ningún caso será subvencionable a adquisición das mercadorías destinadas á venda.

J.7.5. SERVIZOS AGRARIOS E/OU FORESTAIS

Os investimentos que consistan na adquisición de maquinaria para a realización de servizos agrarios e/ou forestais quedan excluídos de financiamento a través do programa Leader.

J.7.6. ENSINO

Os investimentos relacionados con instalacións ou centros que presten o servizo de calquera ensinanza que teña carácter regrado quedan excluídos de financiamento a través do programa Leader.

J.7.7. CENTROS SOCIAIS OU CULTURAIS

Para a realización de investimentos en centros sociais ou culturais, así como o seu acondicionamento e equipamento a contía máxima de axuda non poderá exceder dos 50.000,00 € por proxecto.

No territorio de actuación do GDR05 só poderá subvencionarse a creación dun novo centro social ou cultural nas entidades colectivas ou parroquias onde non exista ningún, nas parroquias onde xa exista algún centro social ou cultural, só se subvencionará a reforma, acondicionamento ou ampliación do mesmo.

No cadro seguinte recóllese por concello e parroquia os centros sociais e culturais existentes na actualidade e que poderán ser obxecto de subvención para a súa reforma, acondicionamento ou ampliación, así como para a dotación de equipamento, e indicase as parroquias onde non existen e polo tanto poderá subvencionarse a creación dun novo (priorizando sempre a rehabilitación de edificacións tradicionais existentes fronte á construción ou acondicionamento de edificios novos):



Concello	Parroquia / Entidade Colectiva	Centro social ou cultural
Antas de Ulla	Agüela (San Mamede)	Sen centro social ou cultural
	Alvidrón (Santa María)	Sen centro social ou cultural
	San Fiz de Amarante (San Fiz)	Sen centro social ou cultural
	San Martiño de Amarante (San Martiño)	Sen centro social ou cultural
	Amoexa (Santiago)	Sen centro social ou cultural
	Antas de Ulla (San Xoán)	Casa da Cultura
	Árbol (Santalla)	Sen centro social ou cultural
	Arcos (Santa María)	Sen centro social ou cultural
	Areas (Santa Cristina)	Casa Escola Santa Cristina
	Barreiro (San Cibrao)	Casa Escola de Barreiro
	Casa de Naia (Santa María)	Local Social Casa de Naia
	Sta. Mariña do Castro de Amarante (Sta. Mariña)	Local Social de Sta. Mariña
	Sto. Estevo do Castro de Amarante (Sto. Estevo)	Casa Escola do Castro
		Local Social do Castro
	Cervela (A) (San Miguel)	Local Social de Cervela
	Cibreiro (San Miguel)	Sen centro social ou cultural
	Cutián (San Xoán)	Sen centro social ou cultural
	Dorra (Santiago)	Local Social de Dorra
	Facha (San Xiao)	Sen centro social ou cultural
	Olveda (Santa María)	Casa Escola de Olveda
	Peibás (San Lourenzo)	Casa Escola de Peibás
	Queixeiro (San Pedro)	Sen centro social ou cultural
	Reboredo (Santiago)	Sen centro social ou cultural
	Rial (O) (Santo André)	Sen centro social ou cultural
	Santiso (Santalla)	Sen centro social ou cultural
	Senande (San Miguel)	Sen centro social ou cultural
	Terra Chá (San Xurxo)	Sen centro social ou cultural
	Vilanuñe (San Salvador)	Sen centro social ou cultural
	Vilapoupre (San Martiño)	Local Social de Vilapoupre
Carballedo	Aguada (Santa Baia)	Local Social Lg. Outeiro
		Local Social Lg. Igrexa
		Local Social Lg. de Seber
	Santa Cristina de Asma (Santa Cristina)	Local Social de Sta Cristina
		Local Social de Sta Cristina
	Veascós (Santa Mariña)	Local Social de Beascos
	San Salvador de Búbal (San Salvador)	Local Social de Santabaia
	Santa Baia de Búbal (Santa Baia)	Sen centro social ou cultural
	Buciños (San Miguel)	Local Social da Torre



Concello	Parroquia / Entidade Colectiva	Centro social ou cultural
	San Romao de Campos (San Romao)	Sen centro social ou cultural
	Carballedo (Santa María)	Local Social de Ceides
		Local Social de Casares
	Cartelos (Santo Estevo)	Sen centro social ou cultural
	Castro (San Cristovo)	Local Social de Castro
	Santa Mariña do Castro (Santa Mariña)	Local Social Rubias
	Cova (A) (San Xoán)	Sen centro social ou cultural
	Chouzán (Santo Estevo)	Sen centro social ou cultural
	Erbedeiro (San Pedro)	Sen centro social ou cultural
	Furco (San Gregorio)	Local Social de Furco
		Local Social de Furco
	Lobelle (San Cristovo)	Sen centro social ou cultural
	San Mamede de Lousada (San Mamede)	Sen centro social ou cultural
	Lousada (Santiago)	Local Social A Barrela
	Marzás (Santa María)	Local Social de Marzas
	Milleirós (San Xoán)	Sen centro social ou cultural
	Oleiros (San Miguel)	Local Social de Touza
	Pradedá (Santiago)	Sen centro social ou cultural
	Temes (Santa María)	Local Social de Bao
	Vilaquinte (Santa María)	Sen centro social ou cultural
Chantada	Adá (Santa Baia)	Casa Escola de Mundin
	Grade (A) (San Vicente)	Sen Centro Social ou Cultural
	Arcos (Santa María)	Casa Escola de Arcos
	Argozón (San Vicente)	Casa Escola de Monte
	Santiago de Arriba (Santiago)	Casa Escola de Stgo de Arriba
	San Fiz de Asma (San Fiz)	Casa Escola de Costoira -San Fiz
	San Salvador de Asma (San Salvador)	Casilla Dos Camineros
	Santa Uxía de Asma (Santa Uxía)	Centro Cultural Sta Uxia
	Belesar (San Bartolomeu)	Sen Centro Social ou Cultural
	Bermún (Santa María)	Sen Centro Social ou Cultural
	Brigos (San Salvador)	Casa Escola de Brigos
	Camporramiro (Santa María)	Sen Centro Social ou Cultural
	Esmeriz (Santa Mariña)	Sen Centro Social ou Cultural
	Esmoriz (San Xillao)	Teleclube – Centro Social
	Fornas (San Cristovo)	Sen Centro Social ou Cultural
	Laxe (A) (San Xoán)	Casa Escola de Seoane - Laxe
	Líncora (San Pedro)	Casa Escola de San Pedro
	Mariz (San Martiño)	Centro Social de Mariz
	Mato (O) (San Xillao)	Casa Escola de A Moreira
	Merlán (San Tomé)	Centro Cultural de Merlan



Concello	Parroquia / Entidade Colectiva	Centro social ou cultural
	Monte (O) (San Miguel)	Sen Centro Social ou Cultural
	Mouricios (San Cristovo)	Casa Escola de San Cristovo
	Muradelle (San Paio)	Casa Escola de Sampaio
	Nogueira de Miño (Santa María)	Casa Escola de Nogueira
	Pedrafita (Santa Baia)	Casa Escola de Paracosteira
	Pereira (San Mamede)	Sen Centro Social ou Cultural
	Pesqueiras (Santa María)	Sen Centro Social ou Cultural
	Requeixo (Santiago)	Sen Centro Social ou Cultural
	Sabadelle (Santa María)	Centro Social A Asociacional
	Veiga (San Xoán)	Casa Escola de Veiga
	San Pedro de Viana (San Pedro)	Casa Escola de Axulfe - Viana
	Santa Cruz de Viana (Santa Cruz)	Casa Escola de Santa Cruz
	Vilaúxe (San Salvador)	Casa Escola de Vilaxe
		Teleclube de Vilaxe
	Sariña (A) (San Vicente)	Sen Centro Social ou Cultural
	San Xurxo de Asma (San Xurxo)	Centro Social de San Xurxo
	Chantada	Edificio Cruz Bermella I
		Edificio Cruz Bermella II
Monterroso	Arada (Santa María)	Local Social Antiga Casa Escola
	Bidouredo (Santiago)	Sen Centro Social ou Cultural
	Cumbraos (San Martiño)	Sen Centro Social ou Cultural
	Fente (San Martiño)	Sen Centro Social ou Cultural
	Ferreiros (Os) (San Cibrao)	Sen Centro Social ou Cultural
	Frameán (San Pedro)	Local Social Frameán
	Fufín (San Martiño)	Local Social de Fufín
	Lavandelo (Santiago)	Sen Centro Social ou Cultural
	Leborei (Santa María)	Sen Centro Social ou Cultural
	Ligonde (Santiago)	Sen Centro Social ou Cultural
	Lodoso (San Xoán)	Local Social de Lucencia
	Marzán (Santa María)	Local Social de Montecalvo
	Milleirós (San Pedro)	Sen Centro Social ou Cultural
	Esporiz (San Miguel)	Sen Centro Social ou Cultural
	Novelúa (San Cristovo)	Sen Centro Social ou Cultural
	Pedraza (Santa María)	Local Social de San Lourenzo
	Penas (San Miguel)	Sen Centro Social ou Cultural
	Pol (San Cibrao)	Local Social de Vilar
	Salgueiros (Santa María)	Local Social de Eirexe
	San Breixo (San Salvador)	Sen Centro Social ou Cultural
	Bispo (O) (Santa María)	Sen Centro Social ou Cultural
	Satrexas (Santa Eufemia)	Sen Centro Social ou Cultural
	Sirgal (Santo André)	Sen Centro Social ou Cultural
	Sucastro (Santa Mariña)	Local Social Güimil



Concello	Parroquia / Entidade Colectiva	Centro social ou cultural
	Tarrío (Santa María)	Local Social Tarrío de Buxarengos (Antiga Escola)
	Valboa (San Salvador)	Sen Centro Social ou Cultural
	Vilanova (San Pedro)	Sen Centro Social ou Cultural
	Viloíde (San Cristovo)	Local Social de Viloíde
Palas de Rei	Augas Santas (San Xurxo)	Local Social de Leboreira
	Albá (Santiago)	Sen centro social ou cultural
	Ambreixo (San Vincenzo)	Sen centro social ou cultural
	Berbetouros (San Miguel)	Local Social de Riba do Marco
	Cabana (Santiago)	Local Social Eirexe
	San Xiao do Camiño (San Xiao)	Sen centro social ou cultural
	San Mamede do Carballal (San Mamede)	Sen centro social ou cultural
	Carballal (O) (San Sebastián)	Sen centro social ou cultural
	Carteire (Santa María)	Sen centro social ou cultural
	Coence (San Mamede)	Local Social de Gontá
	San Miguel de Coence (San Miguel)	Sen centro social ou cultural
	Covelo (San Xoán)	Sen centro social ou cultural
	Cuíña (Santa María)	Sen centro social ou cultural
	Curbián (San Martiño)	Sen centro social ou cultural
	Felpós (San Tomé)	Sen centro social ou cultural
	Ferreira de Negral (San Martiño)	Sen centro social ou cultural
	Filgueira (San Tomé)	Sen centro social ou cultural
	Fontecuberta (Santa Mariña)	Local Social de Coto
	Laia (San Xoán)	Sen centro social ou cultural
	Lestedo (Santiago)	Sen centro social ou cultural
	Maceda (San Miguel)	Sen centro social ou cultural
	Marzá (Santa María)	Sen centro social ou cultural
	Mato (O) (San Xoán)	Sen centro social ou cultural
	Meixide (San Pedro)	Local Social de San Pedro
	Merlán (San Salvador)	Local Social de Merlán
	Moredo (San Fiz)	Sen centro social ou cultural
	Mosteiro de Devesa (Santiago)	Local Social San Martiño
	Orosa (Santo André)	Sen centro social ou cultural
	Palas de Rei (San Tirso)	Sen centro social ou cultural
	Pambre (San Pedro)	Sen centro social ou cultural
	Pidre (Santa María)	Local Social de Pidre
	Puxeda (A) (Santa María)	Sen centro social ou cultural
	Quindimil (San Miguel)	Sen centro social ou cultural
	Ramil (San Martiño)	Sen centro social ou cultural
	Remonde (San Miguel)	Local Social de Vilar
	San Cibrao da Repostería (San Cibrao)	Local Social de San Cibrao de Repostería



Concello	Parroquia / Entidade Colectiva	Centro social ou cultural
	San Xusto da Repostería (San Xusto)	Sen centro social ou cultural
	Ribeira (San Salvador)	Sen centro social ou cultural
	Salaia (San Pedro)	Sen centro social ou cultural
	San Breixo (Santa María)	Sen centro social ou cultural
	Ulloa (San Vicente)	Local Social de Perrá
	Vilar de Donas (San Salvador)	Sen centro social ou cultural
	Vilareda (San Pedro)	Sen centro social ou cultural
Paradela	Aldosende (Santiago)	Local Social de Aldosende
	Andreade (Santiago)	Sen centro social ou cultural
	Barán (San Pedro)	Sen centro social ou cultural
	Castro (San Mamede)	Sen centro social ou cultural
	San Martiño de Castro (San Martiño)	Sen centro social ou cultural
	Castro de Rei de Lemos (Santa María)	Local Social de Castro de Rei
	Cortes (As) (San Salvador)	Sen centro social ou cultural
	Ferreiros (Santa María)	Sen centro social ou cultural
	Francos (Santa María)	Sen centro social ou cultural
	Laxe (A) (Santiago)	Sen centro social ou cultural
	Loio (San Xoán)	Sen centro social ou cultural
	Paradela (San Miguel)	Centro Sociocultural Manuel Orestes Rodríguez López
	San Vicente de Paradela (San Vicente)	Sen centro social ou cultural
	Santa Cristina de Paradela (Santa Cristina)	Sen centro social ou cultural
	Santalla de Paradela (Santalla)	Sen centro social ou cultural
	San Facundo de Ribas de Miño (San Facundo)	Sen centro social ou cultural
	Suar (San Lourenzo)	Sen centro social ou cultural
	Vilaragunte (Santa María)	Local Social Vilargunte
Páramo (O)	Adai (Santa Mariña)	Sen centro social ou cultural
	Friolfe (San Xoán)	Sen centro social ou cultural
	San Vicente de Gondrame (San Vicente)	Sen centro social ou cultural
	Gondrame (Santa María)	Sen centro social ou cultural
	Grallás (Santo Estevo)	Sen centro social ou cultural
	Moscán (Santa María Madanela)	Escolas de Moscán (2 Edificios)
		Antiga Cas do Cura de Moscán
	Neira (Santa María Madanela)	Sen centro social ou cultural
	Piñeiro (San Salvador)	Sen centro social ou cultural
	Reascos (Santa María)	Sen centro social ou cultural
	Ribas de Miño (Santiago)	Local Social de Vilar
	Ribeira (A) (San Mamede)	Sen centro social ou cultural



Concello	Parroquia / Entidade Colectiva	Centro social ou cultural
	Sa (Santiago)	Local Social Escola
		Local Social Cas do Maior
		Local Social de Paredes
	Santo André da Ribeira (San Pedro)	Sen centro social ou cultural
	Torre (A) (San Martiño)	Sen centro social ou cultural
	Vilafiz (Santa María)	Sen centro social ou cultural
	Vilarmosteiro (Santa Eufemia)	Local Concello Vello
		Centro Social Campo da Feira do Páramo
	Vilasante (Santa Cruz)	Sen centro social ou cultural
	Vileiriz (San Salvador)	Sen centro social ou cultural
Portomarín	Bagude (San Bartolomeu)	Antiga Escola de Bagude
	San Mamede de Belaz (San Mamede)	Sen centro social ou cultural
	Caborrecelle (San Xulián)	Local Social Carborrecelle
	Castro de Soengas (O) (San Martiño)	Local Social O Cruceiro
	Castromaio (Santa María)	Sen centro social ou cultural
	Cortapezas (Santa María)	Sen centro social ou cultural
	Fiz de Rozas (San Lourenzo)	Sen centro social ou cultural
	Gonzar (Santa María)	Sen centro social ou cultural
	León (San Martiño)	Sen centro social ou cultural
	Narón (Santa María)	Local Social Casa do Cura
	Nespereira (San Cibrao)	Sen centro social ou cultural
	Portomarín (San Nicolao)	Local Gastrobradoiro
	Recelle (San Pedro)	Local Social Recelle
	San Mamede do Río (San Mamede)	Sen centro social ou cultural
	Sabadelle (San Salvador)	Local Social Seixón
	Soengas (Santiago)	Antiga Escola de Soengas
	Vedro (San Martiño)	Local Social Vedro
		Antiga Escola Castrolazaro
	Vilarbasín (San Pedro)	Sen centro social ou cultural
	Vilaxuste (San Pedro)	Local Social Vilaxuste
Sarria	Albán (Santa María)	Sen Centro Social ou Cultural
	Santalla de Arxemil (Santalla)	Escola Santalla de Arxemil
	Barbadelo (Santiago)	Sen Centro Social ou Cultural
	Belante (Santa María)	Sen Centro Social ou Cultural
	Betote (San Vincenzo)	Escola de Betote
	Biville (San Miguel)	Escola de Lavandeira-Biville
	Calvor (Santo Estevo)	Sen Centro Social ou Cultural
	Camiño (O) (San Mamede)	Sen Centro Social ou Cultural
	Castelo dos Infantes (Santiago)	Sen Centro Social ou Cultural
	Cesar (San Salvador)	Escola de Pape-César



Concello	Parroquia / Entidade Colectiva	Centro social ou cultural
	Corvelle (Santa María)	Escola de Corvelle
	Chanca (A) (San Mamede)	Sen Centro Social ou Cultural
	Chorente (San Xulián)	Sen Centro Social ou Cultural
	Fafián (San Xoán)	Sen Centro Social ou Cultural
	Ferreiros (San Sadurniño)	Escola de Ferreiros
	Fontao (San Martiño)	Escola de Fontao
	Frades (San Xulián)	Sen Centro Social ou Cultural
	San Pedro de Froián (San Pedro)	Escola de San Pedro de Froián
	San Sadurniño de Froián (San Sadurniño)	Sen Centro Social ou Cultural
	San Vicenzo de Froián (San Vicenzo)	Sen Centro Social ou Cultural
	Goián (San Miguel)	Escola de Goián
	Lier (Santa María)	Escola de Lier
	Louseiro (San Martiño)	Escola de Louseiro
	Loureiro (San Martiño)	Escola de Loureiro E Parcela
		Escola Castelo de Loureiro
	Lousadela (Santo Estevo)	Escola de Lousadela
	Maside (San Pedro)	Sen Centro Social ou Cultural
	Santo Estevo do Mato (Santo Estevo)	Sen Centro Social ou Cultural
	Mato (O) (San Salvador)	Escola Manán-Mato
	Meixente (San Xulián)	Escola de Meixente
	Nespereira (Santiago)	Sen Centro Social ou Cultural
	Ortoá (Santa María)	Sen Centro Social ou Cultural
	Santo André de Paradela (Santo André)	Escola de San André de Paradela
	San Salvador de Pena (San Salvador)	Escola San Salvador da Pena
	Pena (A) (Santa María)	Sen Centro Social ou Cultural
	Pinza (A) (San Salvador)	Escola San Salvador A Pinza
	Piñeira (San Miguel)	Sen Centro Social Ou Cultural
	San Fiz de Reimóndez (San Pedro Fiz)	Escola De San Fiz De Reimóndez (Callás)
	Requeixo (San Martiño)	Sen Centro Social Ou Cultural
	Rubín (Santa Mariña)	Sen Centro Social Ou Cultural
	Santo Antolín (Santa Eufemia)	Sen Centro Social Ou Cultural
	Seteventos (San Pedro)	Escola De Goimil
	San Xulián da Veiga (San Xulián)	Sen Centro Social Ou Cultural
	Veiga (A) (Santiago)	Escola de Fonteabuín
		Escola Santiago da Veiga
		Escola de Céltigos
	Vilamaior (Santa María)	Escola de Vilamor
	San Fiz de Vilapedre (San Fiz)	Sen Centro Social Ou Cultural



Concello	Parroquia / Entidade Colectiva	Centro social ou cultural
	San Miguel de Vilapedre (San Miguel)	Escola S. Miguel de Vilapedre
	Vilar (Santa María)	Escola Sta. María de Vilar
	Vilar de Sarria (San Salvador)	Escola de Vilar de Sarria
	Farbán (Santiago)	Escola de Farbán
	Sarria	Local Social Veciños de Ortoa
		Local Social Veciños de Chorente
		Local Social da Banda de Música de Sarria
		Local Social da Coral Polifónica de Sarria
		Casa da Cultura - Biblioteca Camilo Gonsar
		Casa do Marqués
		Centro Socio Cultural de 3ª Idade Breogán
		Antiga Prisión - Oficina Municipal de Turismo
		Espacio Sociocultural Familia José Sánchez "Ventó"
Taboada	Ansar (Santo Estevo)	Sen centro social ou cultural
	Arxiz (San Paio)	Local Social de Arxiz
	Bembibre (San Pedro)	Sen centro social ou cultural
	Bouzoa (San Xoán)	Local Social de Bouzoa
	Campo (San Xián)	Local Social de San Julián
	Carballo (San Tomé)	Sen centro social ou cultural
	Castelo (Santa María)	Local Social de Castelo
	Cerdeda (Santa Mariña)	Local Social de Cededá
	Cicillón (Santiago)	Local Social de Cicillón
	Couto (San Martiño)	Sen centro social ou cultural
	Esperante (Santiago)	Sen centro social ou cultural
	Fradé (Santiago)	Sen centro social ou cultural
	Gondulfe (San Lourenzo)	Local Social de Gondulfe
	Insua (San Salvador)	Sen centro social ou cultural
	San Xián de Insua (San Xián)	Sen centro social ou cultural
	Mato (San Martiño)	Sen centro social ou cultural
	Meixonfrío (Santa Mariña)	Local Social de Meixonfrío
	Moreda (Santa María)	Local Social de Moreda
	Mourulle (San Vicente)	Sen centro social ou cultural
	Piñeira (Santa María)	Local Social de Piñeira
	Sobrecedo (Santiago)	Sen centro social ou cultural
	Taboada dos Freires (Santa María)	Local Social de Taboada Freires
	Torre (A) (San Mamede)	Local Social da Torre
	Vilameñe (Santa Mariña)	Sen centro social ou cultural
	Vilar de Cabalos (Santa Eulalia)	Sen centro social ou cultural
	Vilela (San Miguel)	Sen centro social ou cultural
	Xián (Santa María)	Local Social de Xián



J.7.8. ESTUDOS, LIBROS OU GUÍAS E PÁXINAS WEB

Os investimentos consistentes na elaboración de estudos, edición de libros ou guías e páxinas web terán un límite máximo de axuda de 10.000,00 € por proxecto.



J.8. PROCEDEMENTO PARA EVITAR CONFLITOS DE INTERESES NOS MEMBROS DOS ÓRGANOS DE AVALIACIÓN E DECISIÓN DO GDR

Enténdese como conflito de interese no GDR05, cando un membro dos órganos de decisión (Asemblea ou Xunta Directiva), xerente ou membro do equipo técnico ten un interese persoal que pode influenciarlle á hora de tomar unha decisión dentro do desempeño do seu cargo. E este factor, de clara subxectividade, entra en colisión cos principios substanciais que deben rexer unha política de transparencia na xestión de fondos públicos. Neste sentido, o GDR05 introducirá accións no seu procedemento administrativo que asegurarán dunha xeito eficaz a inexistencia de intereses particulares que poidan outorgar ao beneficiario un trato preferente na tramitación ou concesión da axuda.

O GDR05 entende que os órganos de decisión da Asociación, o xerente e o persoal técnico incorrerán en conflito de intereses nos seguintes supostos, debendo absterse de intervir na xestión das axudas:

- Ter interese persoal no asunto ou noutro en cuxa resolución puidera influír a de aquel.
- Ser socio, administrador de sociedade ou entidade beneficiaria.
- Ser Alcalde ou cargo electo no concello solicitante.
- Ser administrador ou membro da sociedade, asociación ou entidade interesada ou asesor, representante legal ou mandatario que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.
- Ter cuestión litixiosa pendente con algún interesado.
- Ter parentesco de consanguinidade dentro do cuarto grado ou de afinidade dentro do segundo con calquera dos interesados, cos administradores entidades ou sociedades interesadas ou cos asesores, representantes legais ou mandatarios que interveñan no procedemento, así como compartir despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación ou o mandato.
- Ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas mencionadas no apartado anterior.
- Ter intervindo como perito ou como testemuña no procedemento do que se trate.
- Ter relación de servizo coa persoa natural ou xurídica interesada directamente no asunto, ou terlle prestado nos dous últimos anos servizos profesionais de calquera tipo ou en calquera circunstancia ou lugar.

O procedemento que seguirá o GDR05 para determinar a existencia ou non de conflito de intereses durante a fase de instrución dun expediente será o seguinte:

- Xuntarase a cada expediente unha declaración expresa, asinada por todas as persoas que participen na selección dun proxecto, que sinala que non teñen ningún interese persoal ou profesional directo na selección do citado proxecto.
- Se un membro do comité de avaliación ou decisión do GDR05, ten algún tipo de relación profesional ou persoal co promotor do proxecto, ou calquera interese profesional ou persoal no mesmo, debe presentar unha declaración escrita explicando a natureza da relación ou interese, a cal deberá formar parte do proxecto. Calquera interese común deberá declararse, incluídos os familiares, afectivos, políticos ou económicos.



- Se un membro do comité de avaliación ou decisión se atopa na situación descrita no parágrafo anterior, non poderá participar no proceso de avaliación ou selección, nin atoparse presente durante o debate da proposta do proxecto.
- Cando exista dúbida sobre o interese común entre algún membro do comité de avaliación ou selección, o GDR05 deberá remitir o asunto á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para que adopte unha decisión sobre a efectiva existencia dun conflito de intereses.





ASOCIACIÓN MIÑO-ULLA GDR05

Praza de Galicia S/N - Edificio de Usos

Múltiples

27500 - Chantada (Lugo)

982 462 197

asociaciongdr05@gmail.com

<http://www.gdrminhoulla.gal>



Antas de Ulla

Carballedo

Chantada

Monterroso

Palas de Rei

Paradela

O Páramo

Portomarin

Sarria

Taboada

